

Defensa TFG (Procedemento Simplificado)

Para a defensa e avaliación do TFG, o/a estudante disporá dunha convocatoria con dúas oportunidades no curso académico.

O TFG só poderá ser defendido e avaliado unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de Grao, agás os correspondentes ao propio TFG (art. 3.3 do Regulamento de Traballos de Fin de Grao). Previamente á emisión do informe, o/a estudante deberá acreditar ante o director/a do TFG o cumprimento deste requisito.

De acordo co art. 10.3 do Regulamento dos TFGs, cando a avaliación do TFG sexa solicitada polo/a estudante a través do procedemento simplificado de avaliación, observaranse os seguintes apartados:

a) O procedemento simplificado de avaliación do TFG estará aberto todo o curso académico. O/A estudante que opte por esta modalidade poderá solicitalo mediante o depósito do TFG na UADI da Facultade en calquera xornada do curso académico en que a Facultade preste servizos administrativos, agás naquelas datas nas que consonte o Calendario Académico da UDC se interrompen as actividades académicas docentes e os exames.

b) A solicitude irá acompañada dos seguintes documentos:

- i. A solicitude formulada polo/a estudante con indicación expresa de que se quere acoller ao procedemento simplificado de avaliación.
- ii. Un exemplar impreso do TFG.
- iii. Un exemplar en formato electrónico do TFG.

c) No informe motivado do/a director/a ou directores/as figurarán un apartado referido á orixinalidade do traballo e a cualificación final proposta, que non poderá ser superior a sete e na que se avaliarán de 0 a 7 os seguintes aspectos:

- i. Valoración do traballo (informe escrito): adaptación aos contidos/competencias da titulación (30%), organización e estrutura formal (30%), grao de dificultade (20%) e alcance das conclusións(20%).
- ii. Defensa do traballo (exposición oral non pública): organización e capacidade de síntese (60%) e respostas ás preguntas (40%).

A cualificación final outorgada polo director/a ao TFG obterase de acordo coa seguinte ponderación:

- i. Valoración do TFG (VT): 50%
- ii. Defensa do traballo (DT): 50%

A cualificación final numérica do traballo outorgada polo director/a será, por tanto, $0,5*VT+0,5*DT$, indicada cunha cifra decimal. A esta cualificación numérica, deberá engadírselle a correspondente cualificación cualitativa:

- 0-4,9 suspenso
- 5,0-6,9 aprobado
- 7 notable

d) Mensualmente, coa excepción do mes de agosto, tres membros pertencentes ás Comisión de TFGs, Académico Docente ou de Garantía de Calidade da FEE elixidos por sorteo revisarán os TFGs depositados no mes inmediatamente anterior e, se non adoecen de ningún defecto de forma nin de mala praxe, asinarán a acta coa nota proposta polo(s)/a(s) (s)/a(s) director(es)/a(s). Se atopasen algún defecto formal ou evidencias de mala praxe, deberán emitir un informe que será comunicado ao/á estudante e ao(s)/á(s) director(es)/a(s) para a súa corrección. Unha vez introducidos os cambios correspondentes deberán proceder a unha nova solicitude, consonte o establecido neste apartado.

e) A revisión e/ou reclamación das cualificacións finais dos TFG levaranse a cabo de conformidade co previsto na normativa da UDC.